

Prezadas familias:

Por fin imos comezar co Club de Manga do IES Valadares!

Neste club xuntarémonos para ver animes, comentar e contar historias, analizar personaxes, xogar, deseñar cosplay...

Por ser unha actividade extraescolar e voluntaria, haberá que cumprir unhas normas de comportamento e amosar unha actitude de colaboración e traballo.

As prazas son limitadas. Se algún membro do club non cumpre as normas, terá que deixar a súa praza a outra persoa que estea interesada en participar.

Este curso escolar 2024/2025, o horario desta actividade será durante **algúns** luns ao mediodía (de 14:15 a 16:15).

A comida poden traela de casa (teñen microondas para quentala, se o precisan) ou mercala na cafetería (haberá que encargala e recollela no recreo, xa que pecha a mediodía).

As datas previstas para a primeira avaliación son as seguintes (poden sufrir algún cambio por imprevistos ou outras actividades):

- Luns 28 Outubro
- Luns 11 Novembro
- Luns 2 Decembro
- Luns 27 Xaneiro
- Luns 24 Febreiro
- Luns 10 Marzo
- Luns 7 Abril
- Luns 26 Maio

Moitas grazas e un cordial saúdo.

Carmen Boado

Vicedirectora



-----  
Eu don/dona\_\_\_\_\_

nai/pai/titor legal do alumno/a\_\_\_\_\_

autorizo ao meu fillo/a a asistir ao Club de Manga durante o curso 24-25 nas sesións anteriormente indicadas.

Sinatura

Nai/Pai/Titor